

# Castelao e o teatro

**Escenografías**



# Castelao e o teatro

**Escenografías**

MUSEO DE PONTEVEDRA  
FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA  
Pontevedra - A Coruña  
2000

**Proxecto**

MUSEO DE PONTEVEDRA  
FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

**Procedencia das obras**

MUSEO DE PONTEVEDRA  
MUSEO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA CARLOS MASIDE  
COLECCIÓN PARTICULARES

**Montaxe**

MUSEO DE PONTEVEDRA

**Deseño e maquetación**

XOSÉ MANUEL CASTAÑO GARCÍA

**Textos**

XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ

**Agradecementos**

CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
EDITORIAL GALAXIA  
FUNDACIÓN RODRÍGUEZ IGLESIAS  
MUSEO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA CARLOS MASIDE  
SOCIEDAD CORAL POLIFÓNICA DE PONTEVEDRA  
ISAAC DÍAZ PARDO  
GUILLERMO ESCRIGAS  
CLOTILDE IGLESIAS  
LUIS LOSADA FERNÁNDEZ  
ALFONSO PAZ ANDRADE  
PILAR RODRÍGUEZ PRADA

**Impresión**

LITOSPRINT, S.L.

**Depósito Legal**

PO-73/00


**ISBN**

84-930924-6-0

© MUSEO DE PONTEVEDRA

© FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

*Ilustración da Capa:*  
*Lámina da primeira versión manuscrita*  
*de Os vellos non deben de namorarse*



*O Museo de Pontevedra incrementou en 1999 a súa xa cuantiosa nómina de recordos, documentos e creacións artísticas de Castelao coa incorporación, entre outros elementos de interese, das dúas redaccións manuscritas sucesivas da súa afamada e única obra teatral: **Os vellos non deben de namorarse**. Comprada en Chile unha e doada polos herdeiros de Álvaro Gil Varela, un dos máis xenerosos mecenas do Museo, a outra, as dúas, moi valiosas en si mesmas, ven reforzada a súa significación polos preciosos datos que aportan sobre o proceso creativo da farsa, tal como o mesmo Castelao a denominou. A edición crítica que nestes momentos, por iniciativa do Museo de Pontevedra, prepara un equipo de estudiosos da obra do egrexio rianxeiro, complementaria da reprodución facsimilar dos dous manuscritos e das súas vistosas ilustracións, revelará ata que punto son trascendentais para un axustado coñecemento da evolución do pensamento de Castelao sobre a construción dun teatro de proxenie galega.*

*A exposición que sobre CASTELAO E O TEATRO: ESCENOGRAFÍAS me honro en pre-*

*sentar, segunda das mostras monográficas programadas polo Museo de Pontevedra con motivo da conmemoración do cincuentenario do seu pasamento en Bos Aires, permitirá contemplar, reunidos publicamente por primeira vez, eses dous manuscritos, completando a iniciativa outras obras de procedencias diversas, particularmente interesantes as cedidas polo Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside. Ós seus responsables e tamén ós propietarios de obras que queren permanecer no anonimato agradézolles, en nome do Patronato do Museo de Pontevedra, a súa colaboración, fundamental para a materialización final dun proxecto que espero e desexo que sexa do agrado de todos.*

MANUEL ABELEDO LÓPEZ

*Presidente da Deputación Provincial e do  
Patronato do Museo de Pontevedra*

*A Fundación Pedro Barrié de la Maza, tralo éxito da exposición Castelao e as cruces de pedra, continúa o seu programa de actividades conmemorativo do cincuenta aniversario do pasamento de Castelao. Programa este elaborado en colaboración co Museo de Pontevedra no contexto dunha fructífera relación de traballo que se remonta a 1973, data de inicio do proxecto de Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia patrocinado pola Fundación, no que se enmarca a preparación do catálogo razonado da obra completa de Castelao.*

*Nesta ocasión son as relacións de Castelao co mundo do teatro e, en particular, as súas propostas escenográficas as protagonistas da exposición. Esta explora as diversas experiencias que precederon á realización da súa única obra teatral, **Os vellos non deben de namorarse**. Inclúe, así mesmo, un estudio pormenorizado da obra e permite a contemplación conxunta, en primicia para o público, dos dous manuscritos orixinais da farsa, propiedade ambos do Museo de Pontevedra desde 1999. A exposición verase complementada, ademais, pola exhibición no auditorio da Fundación dos*

*telóns pintados por Castelao e restaurados pola Fundación Pedro Barrié de la Maza con motivo deste programa homenaxe a unha das figuras máis destacadas da Galicia do século XX, que culminará o próximo día 18 de maio cun concerto da Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra.*

*Desexo agradecer, por último, a súa colaboración ó Museo de Pontevedra, ó Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside e ás demais institucións e particulares propietarios das obras que conforman esta exposición.*

CARMELA ARIAS Y DÍAZ DE RÁBAGO

*Condesa de Fenosa*

*Presidenta da Fundación Pedro Barrié de la Maza*



# CASTELAO E O TEATRO

## NOTAS Ó ABEIRO DAS SÚAS PROPOSTAS PARA A ESCENOGRAFÍA DE *OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE* (\*)

O 14 de agosto de 1941, no Teatro de Mayo de Bos Aires, estreouse *Os vellos non deben de namorarse*, única obra teatral escrita por Castelao. A representación, minuciosamente preparada polo propio autor, correu a cargo da «Compañía Gallega de Comedias», promovida por Varela Buxán, correspondendo os papeis estelares a figuras tan coñecidas como Fernando Iglesias, «Tacholas», que era tamén o director, e Maruxa Villanueva, que daba o seu nome ó colectivo<sup>1</sup>.

Coa posta en escena de *Os vellos*, conceptuada por Castelao como «*un simple experimento artístico*»<sup>2</sup>, culminaban moitos anos, dúas décadas, de feito, de proxectos, de ideas, de propostas e, sobre todo, de ilusións. En efecto, por máis que desde os seus anos de estudante en Santiago se interesase xa polo teatro<sup>3</sup> e por máis tamén que durante a segunda década do século realizase obras nas que se evidenciaba á perfección o seu gusto pola escenografía<sup>4</sup>, o asentamento das súas ideas



*A tentación de Colombina*, 1917.  
Óleo/lenzo (200 x 400 cms.).  
Col. Fundación Rodríguez Iglesias.  
(En depósito no Museo de Belas Artes da Coruña)

**Teatro de Mayo**  
Avda. DE MAYO 1099 U. T. 38 (Mayo) 8851

Compañía Gallega de Comedias  
**Maruja Villanueva**  
DIRECCION  
**FERNANDO IGLESIAS**



PRIMER ACTOR COMICO <b>FERNANDO IGLESIAS</b>	PRIMERA ACTRIZ COMICA <b>EVA CARRERAS</b>
<b>DOMINGO CAAMAÑO.</b> Tenor	<b>MARUJA BOGA.</b> Dama Joven

**Hoy Jueves 14 de Agosto de 1941**  
Noche a las 22.15 hs.  
ESTRENO GRAN ACONTECIMIENTO ESTRENO

**Os Vello non deben de Namorarse**

Farsa en tres actos, un prólogo y un epílogo, original de ALFONSO R. CASTELAO  
(Reparto, por orden de aparición):  
PRIMER ACTO  
Don Esteban . . . . . Luis Lugo.  
Lela . . . . . MARUJA VILLANUEVA.

Cartel anunciador da estrea en Bos Aires de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra, doazón dos herdeiros de Álvaro Gil Varela)

sobre ese mundo e, en particular, o arranque das que culminarían na obra estreada en Bos Aires áchase, como tantas veces se ten comentado, na viaxe que, mercé a unha axuda da «Junta para la Ampliación de Estudios», fai a Francia, Bélxica e Alemaña durante gran parte do ano 1921<sup>5</sup>. Dúas visións realizadas en París, en concreto, marcarano dun xeito moi especial: a contemplación, no mes de abril e no Teatro Fémina, dunha actuación, na que salienta a fusión estilizada de todo -«*parola, mímica, música, pintura, danzas*»<sup>6</sup>-, do moscovita Teatro do Morcego, dirixido por Nikita Balieff<sup>7</sup>, e a visita, o 20 de xuño, a unha exposición de artistas rusos na que puido examinar «*un libro que falaba dos «Bailles rusos» reproducindo debuxos de decoracións e traxes e faguendo historia dise arte novo co que Rusia apareceu en Europa*»<sup>8</sup>.

A fascinación que o teatro e a exposición exerceron sobre el está perfectamente reflectida no *Diario* que ía escribindo durante a súa viaxe. Recolle nel así mesmo, a propósito do primeiro, as ideas que, partindo de fundamentos idénticos ós que explicitaban as iniciativas rusas, marcadas pola pegada e a recuperación do popular, cabía poñer en marcha en Galicia<sup>9</sup>. Como anticipo, estando xa en Bruxelas, pero a partir de criterios madurados en París, chegou a realizar un debuxo ou esbozo escenográfico, incluído no *Diario*<sup>10</sup>.



**Romaría (boceto escenográfico).**  
Técnica mixta/papel (12'3 x 20'7 cms.).  
Diario 1921, fol. 129, recto (Museo de Pontevedra).

Non esquecerá Castelao as previsións parisiñas cando retorne á súa terra. Elas explican o seu intento de crear en Pontevedra, ó pouco


de chegar, un Teatro de Arte. Para el concibiu un conxunto de escenas -un total de dezaseis cita de memoria o lembrado Xosé Filgueira Valverde<sup>11</sup>- que coñecerían avatares moi diversos. Algunhas prefiguran propostas que aparecerán máis tarde en *Os vellos*<sup>12</sup>, outras serán aproveitadas para complementar a presentación ou as actuacións da iniciativa pontevedresa que nace, en abril de 1925, ante a imposibilidade de culminar o citado proxecto do Teatro de Arte: a «Sociedad Coral Polifónica»<sup>13</sup>.

Para poder realizar os telóns ou os decorados utilizados pola Polifónica, datados entre 1926 e 1929, Xosé Filgueira Valverde, que menciona dez, algún xa perdido<sup>14</sup>, indica que Castelao decidiu trasladarse a Santiago para aprender co seu fraterno amigo Camilo Díaz Baliño a técnica precisa<sup>15</sup>. Executados con toda pulcritude<sup>16</sup> -os bocetos conservados ilustrannos sobre o seu minucioso labor creativo previo<sup>17</sup>-, seguen sendo empregados actualmente, nalgún dos seus concertos, por esta afamada agrupación coral pontevedresa<sup>18</sup>.



**Rosetón.**

Telón preparado en 1926 para a «Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra».  
(Museo de Pontevedra)




*San David.*

Telón preparado en 1926 para a «Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra».  
(Museo de Pontevedra)

Un paso máis no labor de Castelao como escenógrafo producírase como consecuencia do encargo que en 1933 recibe do seu amigo Ramón María del Valle-Inclán: a realización dos decorados de *Divinas Palabras*. Da súa autoría foron, en efecto, os bocetos para a representación da obra. A súa execución material, sen embargo, foi responsabilidade dos pintores-escenógrafos Pitti Bartolozzi e Pedro Lozano de Sotés, habituais en tales mesteres no Teatro Español de Madrid, local no que se estreou a obra o 16 de novembro de 1933<sup>19</sup>. Ben recibida, en xeral, pola crítica<sup>20</sup>, pouco podemos dicir da escenografía por non coñecerse ata hoxe ningún testemuño fotográfico desa representación<sup>21</sup>. Só dous bocetos de pequeno tamaño, conservados no Museo de Pontevedra<sup>22</sup>, nos informan dun modo moi xenérico das particularidades das súas propostas, repletas de esencias galegas<sup>23</sup>.

A intervención na materialización desta obra de Valle-Inclán debeu servir para reavivar en Castelao as ideas que comezara a forxar en París na primavera do ano 1921. As súas propostas para un ballet galego, datadas en 1934 e custodiadas tamén no Museo de Pontevedra, destacables tanto polo seu vistoso e alegre cromatismo como pola



**Bocetos para a escenografía de *Divinas Palabras*, 1933.**  
Lapis e tinta/papel (14 x 16 cms.).  
(Museo de Pontevedra)

axilidade e dinamismo dos personaxes<sup>24</sup>, revelan, en efecto, que os seus desexos permanecían firmes, persistencia que corrobora así mesmo o que sabemos por outros conductos máis estrictamente literarios. Baste recordar agora, sen máis, que en 1934 se anuncia como de inmediata aparición -dise dela que está no prelo- unha obra teatral da súa autoría:



*Figura feminina para un ballet galego, 1934.*  
Témpera/papel (22 x 16'5 cms.).  
(Museo de Pontevedra)


*Pimpinela*<sup>25</sup>, peza que, finalmente, non chegaría a publicarse con carácter autónomo, incorporándose como lance terceiro a *Os vellos*, obra na que, como xa indiquei, confluirían tódolos anxeios do noso autor en materia teatral.

O que supón *Os vellos* en si e no panorama evolutivo do teatro galego e tamén desde o punto de vista da escenografía ten sido comentado en numerosas ocasións<sup>26</sup>. A incorporación en 1999 ó Museo



Capas das dúas versións manuscritas de *Os vellos non deben de namorarse*.


(Museo de Pontevedra)





## Escenografías

de Pontevedra das dúas versións manuscritas sucesivas desta traballada obra, a primeira e máis antiga, comprada en Chile e regalada no seu día por Castelao ó seu fraternal amigo Rodolfo Prada, absolutamente descoñecida ata o de agora, non así a segunda, doada ó Museo polos herdeiros dun dos seus máis xenerosos mecenas, Álvaro Gil Varela, ambas complementadas con ilustracións realizadas basicamente con ténpera (a tinta, o lapis e a augada aparecen tamén ás veces), de alcance e significación moi dispar, permítenos coñecer mellor a súa xestación e a súa terminación e iso non só no plano puramente textual senón tamén, e sobre todo, feito capital para o que neste artigo se persigue, no da súa elaboración formal ou escenográfica, ben trabada xa no Nadal de 1939, momento no que, tal como afirma o propio autor, dá por rematado o esencial do seu labor creativo previo<sup>27</sup>.




Colofón da primeira versión manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)

Un dato, ó contemplar as ilustracións orientativas, ratificado, obviamente, polas súas certeiras e preciosas referencias escritas, impónse por encima de calquera outra consideración: o coidado, a minuciosidade coa que Castelao preparaba todo, desde a fisonomía e vestiario dos personaxes ata o decorado que debía servir de marco ás escenas. Uns e

## Castelao e o teatro

outros están tratados non abocetadamente, como simples propostas, senón como obras definitivas, terminadas, válidas por si mesmas, susceptibles incluso de ser expostas como entes autónomos. A prioridade do pintor sobre o escritor está, sen dúbida, na raíz desa precisión. El mesmo o recoñece: «*Esta é unha obra maxinada por un pintor e non por un literato. Por eso necesita indispensablemente unha serie de deseños coreados, que din tanto ou máis que as verbas escritas*»<sup>28</sup>. Esa xerarquía explica tamén, no conxunto da obra e tal como se ten recordado reiteradamente<sup>29</sup>, a forte presenza do elemento visual, esencial para xustificar o marcado protagonismo da escenografía, programada con prodixiosa exactitude por Castelao.



**A botica, ca. 1939.**

Tinta e t mpera/papel (16'7 x 23'3 cms.).

Ilustraci n escenogr fica complementaria da primeira versi n manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)

Independentemente das diferencias que se aprecian entre os complementos figurativos das d as versi ns, feito sorprendente polo escaso tempo que transcorreu entre a elaboraci n das d as redacci ns, explicitando a segunda, a m is tard a, as potencialidades impl citas na primeira, a m is antiga, dous trazos resultan especialmente claros en

todas elas: a profunda expresividade dos rostros das figuras, mostra antolóxica das excelsas cualidades, nunca cuestionadas, de Castelao como debuxante/retratista/fisonomista, e, cando o contexto posibilita



**Choronas, ca. 1939.**

Témpera/papel (27'2 x 21'2 cms.).

Ilustración complementaria da segunda versión manuscrita de *Os vellos*.

(Museo de Pontevedra)

a súa ostentación, a brillantez do colorido<sup>30</sup>, dato máis relevante, se cabe, por non se ter distinguido o noso autor precisamente nese ámbito na súa praxe artística.<sup>31</sup> O que contemplou entusiasmado en París, puntualmente anotado, como xa vimos, no seu fermoso *Diario*, está, sen

## *Castelao e o teatro*

dúbida na base dese efectismo, moi en consonancia, polo demais, co que é tradicional nas nosas festas e romarías populares, particularmente ben apreciadas por Castelao, quen soubo buscar na esfera do popular o mellor da súa inspiración<sup>32</sup>.

Con ese ámbito, concretamente coas típicas do Entroido, relaciona tamén Castelao a presenza das máscaras, aditamento, clave para a eficacia expresiva do seu depurado pensamento escénico, que exhiben na obra a maior parte dos personaxes. De impactante naturalismo, non poden deixarse á marxe, visto o seu asombroso parecido, das empregadas usualmente no Teatro No xaponés, un dominio cultural que, desde o comezo da súa carreira artística, exerceu sobre el unha extraordinaria influencia.



Castelao pintando as máscaras, modeladas por Domingo Maza, utilizadas na estrea en Bos Aires de *Os vellos*.

Fotog. E. González (Museo de Pontevedra).

Na plasmación final de *Os vellos*, pois, conflúen moitas ideas, esforzos e ilusións. Resultante dun proxecto longamente madurado e meticulosamente preparado -foi concibido, de feito, en 1921 e non se materializou ata 1941, vinte anos máis tarde-, é comparable ás mellores creacións do seu tempo<sup>33</sup>. Ofrece, con respecto a elas, un dato diferencial

"cántiga dos boticarios"  
- 1º lance -

*Exemplo de voz - Moderato*

Están as nubes do ceo do pra en a - ma que momeu,  
están as rias mo el - das de tanto como do ven - Ah -

**Cantiga dos boticarios (Serenata).**

Adaptación musical da letra de A. R. CASTELAO, complementaria da segunda versión manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)

capital: Castelao, que se sente máis pintor que literato, o que explica, como xa vimos, que conceda máis importancia ó visual que ó textual, é o autor/ideador/inspirador/executor de todo, é dicir, do texto da obra, da fisonomía e vestuario dos personaxes, da escenografía, da danza, da música, etc., todo iso, modelicamente sintetizado, fundamentado nun só referente: Galicia, entendida como un conxunto integrado, filiación da que el se mostrou particularmente satisfeito<sup>34</sup>. Esta visión totalizadora vese máis reforzada aínda pola circunstancia de ter dirixido el persoalmente a posta en escena da obra<sup>35</sup>. Non deixou, pois, nada ó azar. Precisamente por iso, *Os vellos*, afrontada como un todo, marca un fito na historia da cultura galega en xeral -non só no ámbito máis reducido do teatro<sup>35</sup>-, ofrecéndose como un testemuño de imprescindible invocación cando se examina o seu acontecer durante o vixente século<sup>36</sup>.

XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ  
Museo de Pontevedra

## NOTAS

(\*) Resumo neste artigo as ideas que desenvolvo no titulado *A escenografía de «Os vellos non deben de namorarse» e o labor de Castelao como escenógrafo*, traballo que será incluído no volume de estudos que acompaña á edición crítica de *Os vellos*, complementada así mesmo coa reprodución facsimilar dos dous manuscritos desta obra que en 1999 incorporou ás súas coleccións o Museo de Pontevedra. Dado o seu carácter, limitarei nel o apartado crítico ó mínimo indispensable.

1- Os datos esenciais sobre a representación figuran no cartel anunciador, reproducido neste catálogo.

2- Así o di no preludio preparado para a presentación en Montevideo, o 8 de outubro do mesmo ano 1941, de *Os vellos*. Usualmente, cítase en castelán e faise a partir dunha gravación discográfica. No Museo de Pontevedra, no fondo Castelao (1-24) e por partida dobre, consérvase, sen embargo, a versión galega manuscrita desa mensaxe dirixida ós seus compatriotas afincados na cidade uruguaia, máis extensa, por certo, a que parece ser a definitiva que a finalmente difundida en castelán.

3- Documenta esta afección á perfección a fotografía na que está actuando, vestido para a ocasión, nunha obra de teatro representada no Teatro Principal de Santiago. Véxase a imaxe, ultimamente, en M. DOURADO DEIRA, *Conversas con Teresa Castelao. Anecdótico dun século de vida*, Santiago, 1999, páx. 30.

4.- Nesa dirección apuntan os lenzos de gran formato que, por eses anos e á maneira de murais, realiza para locais públicos de Cambados, Mondariz, Vigo ou Pontevedra. Unha destas obras, datada en 1917 e procedente dun salón de té de Pontevedra, propiedade hoxe da Fundación Rodríguez Iglesias, da Coruña, está inspirada sintomaticamente na italiana *Comedia dell'Arte*. Confróntese sobre este lenzo o apartado que lle dedica X. A. CASTRO no catálogo da exposición *Pontevedra, cidade da vangarda histórica galega (1925-1936)*, Pontevedra, 1999, páxs. 55-64 (páxs. 131-139 para a versión castelá do texto).

5.- As datas extremas que figuran no *Diario* que redacta durante esta viaxe, publicado en facsímil pola Deputación Provincial de Pontevedra en 1986, existindo tamén unha transcripción anterior, acometida en 1977 conxuntamente pola Editorial Galaxia e o Museo de Pontevedra, institución pusuidora do orixinal manuscrito.

to, son o 26 de xaneiro e o 10 de outubro. Sobre as circunstancias que propician a realización do periplo consúltense as páxs. 10-11 do «Limiar» da ed. de 1977 (X-XI na de 1986), escrito por X. FILGUEIRA VALVERDE. No sucesivo, se non fago constar o contrario, tódalas citas remitirán á edición de 1977.

6.- Véxase a nota seguinte.

7.- CASTELAO, *Diario 1921*, Vigo, 1977, páxs. 105-107. Non sabemos en qué día do mes de abril estivo neste Teatro. Foi contra o 10, data que figura na entrada do capítulo (se así pode chamarse) no que refire actividades e visitas realizadas en diversos momentos. Volveu a ese Teatro o 10 de maio. Véxase, *Ibidem*, pág. 128.

8.- *Ibidem*, pág. 161. Os seus comentarios sobre a exposición chegan ata a pág. 166.

9.- *Ibidem*, cit., páxs. 106-107.

10.- *Ibidem*, cit., pág. 199.

11.- X. FILGUEIRA VALVERDE, «Castelao escenógrafo. Os decorados da Polifónica de Pontevedra», en *Castelao na lembranza, Cuarto Adral*, Sada, A Coruña, 1987, páxs. 77-100, en particular páxs. 85-91. En realidade, de memoria, só cita quince. A número dezaseis, como el mesmo anota, conta cunha referencia escrita explícita, acompañada por un debuxo complementario para a súa escenificación, da autoría de Castelao. Trátase da coñecida proposta para a conversión en monólogo do relato titulado *Un ollo de vidro*. Publica o texto e o figurín, que se inclúe tamén neste catálogo, V. PAZ-ANDRADE, *Castelao na luz e na sombra*, Segunda edición revisada e ampliada, Sada, A Coruña, 1986, pág. 227.

12.- X. FILGUEIRA VALVERDE, «Castelao escenógrafo...», cit., páxs. 85-87, alude a ese anticipo de solucións.

13.- *Ibidem*, páxs. 85 e 92.

14.- *Ibidem*, páxs. 93-99. Os conservados, tal como sinala este autor, *Ibidem*, pág. 95, nota 7, foron entregados pola Coral ó Museo de Pontevedra.

15.- *Ibidem*, pág. 92.

16.- X. FILGUEIRA VALVERDE, *Ibidem*, pág. 92-93, recorda que os telóns foron preparados na vella «Fábrica da Luz», na Praza da Verdura, colaborando na súa materialización Salustiano Estévez e os propios cantores da Coral.

17.- O Museo de Pontevedra e os herdeiros de Claudio Losada, vello amigo de

Castelao (refírese a el como recién chegado a París, onde «*tiven que servirle de cicerone*», nas anotacións que fai no seu *Diario*, cit., páx. 127, o 10 de maio), posúen aínda algúns destes bocetos. É ben coñecido, por ter sido repetidamente reproducido (Véxase, por exemplo, en X. FILGUEIRA VALVERDE, «Castelao escenógrafo...», cit., páx. 14), o correspondente ó fermosísimo *Rosetón* exhibido por primeira vez o 26 de marzo de 1926. Véxase, *Ibidem*, páx. 96.

18.- Os catro máis importantes («Capela oxival», «Rosetón oxival», telón de boca «San David» e «Claustro») están sendo restaurados nestes momentos, co patrocinio da Fundación Pedro Barrié de la Maza, pola empresa Arteca.

19.- M<sup>a</sup>. M. LOZANO BARTOLOZZI, «Encuentros artísticos de Castelao y los Bartolozzi: los Salones de Humoristas», en J. G. BERAMENDI e R. VILLARES, eds., *Actas Congreso Castelao (Santiago de Compostela, 24-29 novembro 1986)*, Santiago, 1989, Tomo I, páxs. 495-519, en especial páxs. 508-509.

20.- *Ibidem*, páx. 509. Véxase tamén X. FILGUEIRA VALVERDE, «Castelao escenógrafo...», cit, páxs. 99-100.

21.- M<sup>a</sup>. M. LOZANO BARTOLOZZI, «Encuentros artísticos de Castelao y los Bartolozzi...», cit, páx. 509.

22.- Están realizados no anverso e no reverso dunha mesma folliña de papel (de só 14 x 16 cms.). Publicou estes dous bocetos X. FILGUEIRA VALVERDE, «Castelao escenógrafo...», cit., páxs. 86 e 88.

23.- Comparte esta valoración así mesmo E. R. RUIBAL, «Sobre a plasticidade de 'Os vellos'», en *Castelao. Suplemento Especial, La Voz de Galicia*, 9-I-2000, páxs. 22-23, especialmente páx. 22.

24.- Os catro figuríns coñecidos, precedentes, por outro lado, de formulacións que encontramos, seguindo, a este respecto, o seu ben documentado criterio de extrapolar propostas, na escenografía de *Os vellos*, exhíbense nas Salas Castelao do Museo de Pontevedra. Consérvanse nel tamén outros apuntes ou bocetos preparatorios.

25.- Refírese este dato no libro, publicado en Santiago o 29 de setembro dese ano pola Ed. Nós, no que se refunden os tomos 1 e 2 de *Cousas*, que apareceran en 1926 e 1929, respectivamente. Volve a repetirse esa mención na edición de *Retrincos*, acometida en Santiago pola mesma editorial o 19 de decembro do ano que estamos considerando. A peza, tal como sinala o propio autor na nota que precede ó lance terceiro da primeira versión de *Os vellos* incorporada ó Museo de Pontevedra en 1999 (véxase, máis abaixo, o texto), estaba xa terminada, de feito, en 1933. As notas complementarias que posúen os dous manuscritos consecutivos de *Os vellos* (consúltese o que se di a continuación sobre eles)



demostran que Castelao non esqueceu durante os anos trinta, desde 1931 a 1939, datas extremas que neles figuran para a composición e/ou remodelación das diversas partes, o seu interese polo teatro.

26.- Para unha posta ó día de todas estas cuestións, con suxestivas e novidasas hipóteses, remítome, en última instancia, ós estudos que se inclúen no libro mencionado na nota inicial, sinalada cun asterisco, deste artigo.

27.- Así o indica Castelao en varias ocasións, singularmente no texto, titulado *Ao marxe da farsa*, que precede ó *Prólogo* da segunda versión manuscrita, a definitiva, da obra. Conclúeo con estas palabras: «[...] *pero fica rematada (a farsa) de vez e disposta para o que Deus quixer*».

28.- Ábrense con estas palabras as *Indicacións* para a posta en escena da obra. Ocupan as páxs. 83-85 da edición, a primeira, de *Os vellos* realizada na Imprenta Peón de Pontevedra por iniciativa da Ed. Galaxia no mes de xuño do ano 1953.

29.- Reparou xa nese contraste A. CASONA, quen realizou da obra unha crítica moi favorable pouco despois da súa estrea en Bos Aires. Unha copia deste texto, datado en setembro de 1941, consérvase no fondo Castelao do Museo de Pontevedra, (2-8), probando tal feito dun modo inequívoco o valor que el lle concedía. Títulado *Castelao, pintor y dramático*, inclúese nas páxs. 86-88 do catálogo da exposición *Castelao, 1886-1950*, promovida polo Ministerio de Cultura en 1986 para conmemorar o centenario do seu nacemento. Con posterioridade, practicamente tódolos autores que se ocuparon de *Os vellos* inciden nesa mesma lectura. Prescindo, en aras da brevidade, da súa reseña pormenorizada.

30.- Comentou con particular contundencia este aspecto da obra L. SEOANE. Véxase *Castelao artista*, 2ª ed., Sada, A Coruña, 1984 (1ª ed., Bos Aires, 1969), pág. 39. Significouse tamén na súa valoración, compartida por tódolos autores, R. CARBALLO CALERO. Consúltese, en particular, «Teatro de Castelao», en *Escritos sobre Castelao*, Barcelona, 1989, páxs. 249-265, fundamentalmente páxs. 264-265.

31.- Véxase ó respecto, en especial, Mª. L. SOBRINO MANZANARES, «Castelao y el color», *Castelao, 1886-1950*, cit., páxs. 169-170.

32.- Recordemos, en apoio do que digo no texto, a súa dedicación ó estudio das cruces de pedra e sobre todo da súa versión máis monumental, os cruceiros, esencial, máis alá de calquera outra consideración, para a súa recuperación e dignificación. Véxase, sobre esta cuestión, o meu traballo «Castelao e as cruces de pedra», incluído, páxs. 7-15, no catálogo da exposición do mesmo título promovida a finais de 1999 polo Museo de Pontevedra.

33.- Confróntense, entre outras, as opinións de L. SEOANE, *Castelao artista*, cit., páxs. 38-40; E. R. RUIBAL, «Sobre a plasticidade en 'Os vellos'», cit., pág. 23, ou CH. PAZ GAGO, «De par do teatro europeo de vangarda», en *Castelao. Suplemento Especial, La Voz de Galicia*, cit, pág. 25.

34.- No texto citado na nota 1 afirma que a súa creación nunca «*deixaría de ser unha obra de arte galego, porque está feita con zume da nosa terra e con celme da nosa tradición, e foi imaxinada para regalía do pobo galego...*».

35.- L. SEOANE, «Os vellos non deben de namorarse», *Boletín de la Real Academia Gallega*, Ano LXVIII, Tomo XXXII, nº 357, Xaneiro de 1975, páxs. 116-117, especialmente pág. 117, salienta tamén este dato.

36.- L. SEOANE, *Castelao artista*, cit., pág. 40, dixo dela, con gran intuición, que «*marca as orixes do teatro galego do porvir*».

37.- Agradezo as colaboracións que, en aspectos diversos e puntuais da elaboración deste estudo, me prestaron A. Barbazán, M<sup>a</sup>. J. Camaño, F. Cobo, C. Echave, M<sup>a</sup>. J. Fortes, X. Fuentes, A. Tilve e J. C. de la Vega.

## A EXPOSICIÓN

Componse a mostra de dous grandes apartados. Céntrase o primeiro no estudio das relacións de Castelao co teatro antes da realización de *Os vellos non deben de namorarse*, obra que se analiza pormenorizadamente no segundo.

Na primeira sección da exposición, xunto a fotografías de obras nas que se pon de manifesto o interese de Castelao pola escenografía e o teatro, exhíbense o *Diario de 1921*, esencial para o coñecemento do asentamento das súas ideas sobre o teatro; propostas decorativas que teñen nel a súa orixe; o figurín comentado co intento de conversión do seu relato *Un ollo de vidro* en monólogo (1923); bocetos e algún telón dos realizados para a «Sociedad Coral Polifónica» (1926-1929); os dous bocetos conservados da escenografía de *Divinas Palabras* de Valle-Inclán (1933), e os seus fermosos deseños para o proxecto de creación dun ballet galego (1934).

O segundo capítulo da mostra está nucleado polos dous manuscritos de *Os vellos*, incorporados ó Museo de Pontevedra en 1999 e exhibidos pública e conxuntamente, coas súas ilustracións complementarias, por primeira vez. Arróupanos bocetos preparatorios da escenografía, anteriores a 1936, custodiados no Museo de Pontevedra; figuríns con anotacións para a representación e varias máscaras utilizadas o día da estrea da obra, uns e outras cedidos polo Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside; fotografías e o cartel anunciador desa mesma función; o cartel e o texto -tres redaccións manuscritas, dúas en galego e unha finalmente difundida en castelán- preparado por Castelao como preludio da súa escenificación no Teatro Solís de Montevideo o 8 de outubro de 1941.


Culmina este apartado da exposición cos testemuños das diversas edicións de *Os vellos* realizadas desde 1953, ano no que saiu do prelo en Pontevedra, por iniciativa da Editorial Galaxia, a primeira.





**Portada románica, 1926.**  
Técnica mixta/papel (24 x 25'3 cms.).  
Boceto dun telón destinado á «Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra».  
(Museo de Pontevedra)





Páxina manuscrita do lance inicial da primeira versión de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)



*Pimpinela e o Coro*, ca. 1939.  
Témpera/papel (16'8 x 22'4 cms.).  
Ilustración escenográfica complementaria da primeira versión manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)



***Espantallos, Don Ramón e o Sapo*, ca. 1939.**  
Tinta e témpera/papel (16'4 x 22'6 cms.).  
Ilustración complementaria da primeira versión manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)



***Pranto por Don Saturio das súas irmáns*, ca. 1939.**  
Témpera/papel (21'2 x 27'6 cms.).  
Ilustración escenográfica complementaria da segunda versión manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)





**O pai, ca. 1939.**  
Témpera/papel (24'1 x 17'5 cms.).  
Ilustración complementaria da primeira versión manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)



**A morte, ca. 1939.**  
Témpera/papel (27'5 x 21'3 cms.).  
Ilustración complementaria da segunda versión manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)

## Ao marxe da farsa

Esta farsa foi maximada para regalo do ~~povo~~ galego, cando en Galiza abrollaban os máis ardidos anxeios de reburdimento. Comeceina en Pontevedra, no ano ~~1931~~ de 1931, e dinlle ~~o~~ <sup>cima</sup> en Nova York, no ano ~~1939~~ de 1939. ~~Algunhas veces decorei~~ <sup>Muito tempo decorrei</sup> para unha obra tan pequena e tan doada de facer; pero ~~ainda~~ <sup>causa</sup> ~~mei faltoume tempo~~ <sup>polo</sup> para rematala. Os traxegos que me impuxo a ~~causa~~ política non me deron lecer para outras angueiras, e as conseqüentes loitas que axiña sobreviñeron nin fousiquera me permitían tecer ilusiones. De por parte surden a guerra civil, cuíds dramas e traxedias auténticas non consentían asistir a dramas e traxedias imaxinadas, e me nos a pasatemplos que sóis se conciben en épocas de paz. Tivo que ser agora - na triste folga <sup>que me impón o desterro</sup> - cando dispuñese de tempo para cumprir o meu vello e íntimo compromiso.

As feitura con que se presenta esta farsa non responden ao pulo que a iniciou, porque no decorear de tanto tempo, evaéronse os pormenores de a súa primeira traza ao faltarlle unha continuidade de pensamento e de emoción. En Pontevedra compuxen "Pimpinela", que agora é o terceiro lance da farsa. En Badaxos (dez meses de castigo precursor do actual desterro) traballei algo no segundo lance e maxinei unha parte do primeiro. En Barcelona (durante a guerra e entre bombardeos e bombardeos) escribi o segundo lance e comecei o primeiro. A bordo d'un vapor e navegando pol-o Báltico, escribín a esca das catro choronas do lance primeiro. N-un café de París repasei o segundo lance e declareino inserible. Ainda decorearon moitos meses, a poelengrimar por terras de Cuba e de Norte-América, sen acougo ~~para~~ <sup>para</sup> ~~poner~~ <sup>inverno</sup> de non n-este traballo. E por fin en Nova York, a comezos do ~~1939~~ de 1939 e vendo caer as primeiras folerxas de neve, tiven lecer para entrecarme de cheo a este <sup>pasatempo</sup> ~~traballo~~ e con ~~elas~~ <sup>elas</sup> matei horas de moxina. A obra foi recreada e refeita de todo e os accidentes con que tropecei foron borrados por unha nova e seguida emoción, ~~menos~~ <sup>menos</sup> leda que aquela do 1931, pero igualmente empedre.

Cicais esta farsa non chegue nunca ao seu destino nin produza máis bens que o que a min me prestou ao recreala; pero fica rematada de vez e disposta para o que Deus quixer.


Nova York, 1939.

### Ao marxe da farsa.

Presentación manuscrita, datada en New York en 1939, da segunda versión de Os vellos.  
(Museo de Pontevedra)




**Pimpinela, ca. 1939.**  
Témpera/papel (27'5 x 21'1 cms.).  
Ilustración complementaria da segunda versión manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)




**Lela, ca. 1939.**

Témpera/papel (27'5 x 21'3 cms.).

Ilustración complementaria da segunda versión manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)



**Don Ramón, ca. 1939.**  
Témpera/papel  
(22,8 x 16,5 cms.).  
Ilustración complementaria da  
primeira versión manuscrita de *Os  
vellos*.  
(Museo de Pontevedra)



**Don Ramón, ca. 1939.**  
Témpera/papel (27,6 x 21,2 cms.).  
Ilustración complementaria da segunda  
versión manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)



**O boticario, ca. 1939.**  
Témpera/papel (21'3 x 15'7 cms.).  
Ilustración complementaria da segunda versión manuscrita de *Os vellos*.  
(Museo de Pontevedra)



**As máscaras, 1941.**

Témpera/papel (27 x 20 cms.).

Figuríns preparados para a estrea en Bos Aires de *Os vellos*.  
(Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside)



**Máscaras utilizadas nas representacións iniciais de *Os vellos*. Concebidas e pintadas por Castelao, foron modeladas por Domingo Maza.**  
(Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside)






***Don Saturio, Don Ramón e Don Fuco.***


Fotografía, asinada por Castelao, realizada o día da estrea en Bos Aires dos tres protagonistas masculinos de *Os vellos*.

(Cortesía de D<sup>a</sup>. Clotilde Iglesias, filla de Fernando Iglesias, «Tacholas»)



Capa da primeira edición, realizada en Pontevedra en 1953 por iniciativa da Editorial Galaxia, de *Os vellos non deben de namorarse*







DEPUTACIÓN DE  
PONTEVEDRA



MUSEO DE  
PONTEVEDRA



Fundación  
Pedro Barrié de la Maza



Banco Pastor

